



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO
DE GALIZA

www.stegsindicato.org

A CORUÑA-SANTIAGO Avda de Coimbra 15, local; 15704 / tfno-fax: 981 580700

LUGO R/ Conde, 31, entrechán esquerda; 27003 / tfno-fax: 982 240066

OURENSE R/ S. Domingos, 60; gal. Xesta-entrechán, 1; 32005 / tfno-fax: 988252323

PONTEVEDRA Praza Curros Enríquez, 1 oficina 201; 36202 / tfno-fax: 986 857545

VIGO R/Doutor Cadaval 33, 2ºC; 36202 / tfno-fax: 986 228658

O SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA (STEG)

EXPÓN:

Que a **convocatoria de probas libres para a obtención dos títulos de técnico/a e de técnico/a superior** de ciclos formativos de formación profesional (Orde do 5 de abril de 2013) pon de manifesto:

Primeiro: A absoluta falta de previsión por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xa que a devandita convocatoria faise sen a debida antelación. Ao ser o primeiro ano que se convocan, ao abeiro da LOE, nos centros educativos:

- Non se tivo tempo dabondo para planificalas correctamente.
- Non se recibiu ningunha circular por parte da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que unificase criterios para todos os centros nos que se van celebrar as probas, nin se coordinou o deseño das probas dos mesmos módulos, temendo por esta causa que se poidan producir diferenzas salientábeis á hora de avaliar e cualificar un mesmo título.

Segundo: Supón un agravio comparativo para as persoas que solicitan estas probas respecto das que o fan para a convocatoria do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral (Orde do 25 abril de 2013), pois en ambos casos a finalidade é a **formación ao longo da vida**, pero na convocatoria que nos concerne as persoas aspirantes, ademais de non dispoñeren de tempo para preparar as probas:

- Non teñen á súa disposición un *servizo aberto e permanente de información e orientación a todas as persoas que a soliciten* (art.11).
- Nin unha *fase de asesoramento* (art.12).

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTO AGO DE COMPOSTELA

Data 04/05/2013 14:21:56

ENTRADA 87189 / RX 435339



Polo anteriormente exposto,

SOLICITA:

Que de cara a vindeiras convocatorias se teña en conta o anteriormente exposto e:

- A convocatoria se faga coa antelación necesaria.
- Desde a Consellería se coordinen os mecanismos necesarios para a unificación dos criterios e das probas de avaliación e se planifique a formación específica do profesorado implicado no proceso.
- As persoas aspirantes dispoñan dun servizo de orientación e asesoramento ao longo de todo o proceso.

Santiago de Compostela , a 3 de xuño de 2013



Asdo: Mercedes Alonso Padrón
Membro do SN do STEG

DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN
EDUCATIVA.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA